



En contestación á peticións realizadas na sesión plenaria de data 28 de novembro de 2016, relativas a:

La Vuelta. Indicarlle que esa cuestión xa foi respostada o 7 de outubro de 2016 con nº de rexistro de saída 14262 e reiterada contestación o 18 de outubro de 2016 con nº de rexistro 14853. Así mesmo, remitiuse copia de todos os documentos que solicitou.

Indicarlle que o expediente estará novamente á súa disposición, para que, en horario de oficina, calquera deputado/a do Grupo do PSdeG-PSOE, poida realizar a consulta nas datas e lugares seguintes:

EXPEDIENTE	DATA	LUGAR
La Vuelta	8-11-2016	Contratación

Piscina flotante de Laias. Indicarlle que o 8 setembro de 2016, con nº de rexistro de saída 12909, achégouselle en soporte dixital proxecto de construción, Memoria, Planos, Prego de Prescricións técnicas particulares e orzamento, así mesmo achégouselle informe sobre a idoneidade da ubicación da piscina flotante de datas 1 de marzo de 2016 e 21 de xuño de 2016 ( INCAT ). Así mesmo, achégouse copia do informe do xefe da Sección de Supervisión de Obras e Proxectos, copia do informe do Enxeñeiro Xefe do Servizo de Vías e Obras en relación as posibles ubicacións, prego de cláusulas administrativas particulares do procedemento aberto para a contratación da execución da obra, prego de cláusulas administrativas particulares do procedemento negociado e memoria xustificativa do cumprimento dos requisitos.

Indicarlle que o expediente estará novamente á súa disposición, para que, en horario de oficina, calquera deputado/a do Grupo do PSdeG-PSOE, poida realizar a consulta nas datas e lugares seguintes:

EXPEDIENTE	DATA	LUGAR
Piscina flotante de Laias	8-11-2016	Contratación

Administración electrónica. O 26 de setembro de 2016 facilitouse acceso ao procedemento de "Contratación de Subministro de Servizo Integral de Xestión Electrónica para Organismo Deputación e Concellos da Provincia". Indicarlle que estará novamente á súa disposición, para que, en horario de oficina, calquera deputado/a do Grupo do PSdeG-PSOE, poida realizar a consulta nas datas e lugares seguintes:



EXPEDIENTE	DATA	LUGAR
Contratación Subministro S.I. Xestión Electr.	8-11-2016	Contratación

Sinalización termal. Indicarlle que a sinalización termal forma parte do Plan Termal Provincial e que foi executada pola Xunta de Galicia.

Lémbrolle que, de acordo cos termos previstos no artigo 16.3 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF), e no artigo 227 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, todos os membros da Corporación Provincial deben gardar reserva en relación coas informacións que se lles faciliten para facer posible o desenvolvemento das súas funcións, singularmente, das que servirán de antecedentes para decisións que aínda se encontren pendentes de adopción, así como para evitar a reprodución da documentación que se lles poida facilitar, en orixinal ou copia, para o seu estudo.

Ourense, 2 de novembro de 2016

O PRESIDENTE



José Manuel Baltar Blanco.

JOSÉ IGNACIO GÓMEZ PÉREZ , deputado provincial do Grupo PSdeG-PSOE.

Grupo do PSdeG-PSOE.- Deputación Provincial de Ourense.